			2	MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.	30%	É quen de factorizar polinomios (ata grao 4) mediante o uso combinado da regra de Ruffini, identidades notables e extracción do factor común	iv)	7 s	CMCCT CCL CAA CSC CSIEE
f g h	B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas	B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas.	3	MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.	50%	Resolve ecuacións de primeiro e segundo grao que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpreta criticamente os resultados obtidos Resolve sistemas lineais que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpreta criticamente os resultados obtidos.	i) ii) iv)	12 s	CMCCT CAA CSC CD CSIEE

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
f g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.</li> <li>▪ B2.14. Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.</li> </ul>	B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.</li> </ul>	50%	<p>Resolve sistemas lineais que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpreta criticamente os resultados obtidos.</p> <p>Axúdase para a resolución de medios informáticos</p> <p>Resolve inecuacións de primeiro e segundo grao que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpretando graficamente os resultados obtidos.</p>	i) ii) iv)	12 s	CMCCT CCL CAA CSC CD CSIEE

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
<b>Bloque 3. Xeometría</b>									
e f g h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Figuras semellantes.</li> <li>▪ B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas.</li> <li>▪ B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes.</li> <li>▪ B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos</li> </ul>	B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.	4	MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas	15%	<p>Sabe utilizar os instrumentos axeitados para facer diversas medicións de ángulos, perímetros, áreas.</p> <p>Emprega a escala adecuada en cada caso</p>	i) iv)	4 s	CMCCT CCL CAA CSC CD CSIEE
			4	MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou	20%	<p>–Recoñece triángulos semellantes.</p> <p>–Coñece o Teorema de Tales e emprégao para resolver problemas sinxelos.</p> <p>Calcula lonxitudes</p>	i) iv)	5 s	CMCCT CCL CAA CSC CD

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
				calcular medidas indirectas.		empregando a semellanza.			
			4	MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas.	25%	-Calcula a superficie e o volume dalgúns corpos simples a partir do seu desenvolvemento ou da fórmula. Aplica os cálculos para resolver problemas sinxelos.	i) ii) iv)	6 s	CMCCT CCL CAA CSC CD CSIEE
			4	MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.	25%	-Calcula a superficie e o volume dalgúns corpos simples empregando o teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos	i) ii) iv)	6 s	CMCCT CCL CAA CSC CD CSIEE
▪ e f	▪ B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas..	4	MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	15%	Emprega o Geogebra para facer un estudo pormenorizado de diversas figuras, tanto planas como espaciais	i) iv)	4 s	CMCCT CAA CSC CD CSIEE

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
---	----------	-------------------------	---	---------------------------	------	----------------------------	-----	----	-------

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	<b>Bloque 4. Funcións</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados.</li> <li>▪ B4.2. Funcións elementais (lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, e definidas en anacos): características e parámetros.</li> <li>▪ B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</li> <li>▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</li> </ul>	B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.	5	MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	5%	É capaz de asociar expresións analíticas coas súas gráficas correspondentes.	i) iv)	1 s	CMCCT CCL CAA CSC CSIEE
			5	MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.	10%	É capaz de asociar expresións analíticas coas súas gráficas correspondentes.	i) ii) iii)	3 s	CMCCT CCL CAA CSC CSIEE CD
			5	MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).	10%	Determina os parámetros característicos das funcións elementais (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos)	i) ii) iii)	3 s	CMCCT CCL CAA CSC
			5	MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa de valores.	5%	Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.	i) iv)	1 s	CMCCT CCL CAA CSC
			5	MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou	10%	Analiza o crecemento e decrecemento dunha función e é quen de calcular a TVM nun intervalo dado.	i) iv)	2 s	CMCCT CCL CAA CSC

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
				da propia gráfica.					CSIEE
			5	MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	20%	Resolve problemas, relativos a situacións próximas, que respondan a relacións funcionais sinxelas (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos).	iv)	5 s	CMCCT CCL CAA CSC CSIEE
e f g h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.</li> <li>▪ B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.</li> <li>▪ B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</li> <li>▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación</li> </ul>	B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.	5	MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	5%	Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.	i) iv)	1 s	CMCCT CCL CAA CSC
			5	MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas	15%	Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.	i) iv)	2 s	CMCCT CAA CSC
			5	MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.	15%	Describe as características xerais dunha función (dominio, continuidade, crecemento, extremos, periodicidade...) facendo uso dos intervalos e semirrectas.	i) iv)	2 s	CMCCT CAA CSC CD
			5	MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.	15%	É capaz de asociar diferentes táboas de valores coas súas gráficas.	ii) iv)	2 s	CMCCT CCL CAA



O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	de gráficas.								CSC CD
			5	MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.	15%	Manexa con soltura o programa Geogebra para debuxar e estudar as gráficas	i)	2 s	CMCCT CAA CD CSIEE

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
<b>Bloque 5. Estatística e probabilidade</b>									
a c d e f g h m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</li> <li>▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.-</li> <li>▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</li> <li>▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á</li> </ul>	B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	6	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	2.5 %	-Coñece e interpreta a información estatística dos medios de comunicación e calquera outra coa que se puidera atopar.	i) ii) iv)	1/2 s	CMCCT CCL CAA CSC
			6,7	MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	2.5 %	-Comproba as conxecturas sobre os resultados de experimentos	i) iv)	1/2 s	CMCCT CAA CSC CSIEE
			6	MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	2.5 %	-Coñece e interpreta a información estatística dos medios de comunicación e calquera outra coa que se puidera atopar.	i) iv)	1/2 s	CMCCT CCL CAA CSC CSIEE



O	Contidos	Critérios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	<p>correlación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</li> <li>▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace.</li> <li>▪ B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.</li> </ul> <p>B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.</p>		6	MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	5%	-É capaz de facer un estudo estatístico de situacións próximas e cotiás	i) ii) iv)	1 s	CMCCT CCL CAA CSC
b e g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</li> <li>▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.-</li> <li>▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</li> <li>▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á</li> </ul>	B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estadísticos, así como os parámetros estadísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	6	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	2.5 %	-Recoñece os distintos tipos de variables estadísticas.	i) iv)	1/2 s	CMCCT  CAA CSC
			6	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.</li> </ul>	10%	-Confecciona gráficos diversos e elixe o tipo de gráfico máis axeitado segundo tipo de variable. -Coñece e emprega ferramentas tecnolóxicas para a confección de táboas e gráficos estadísticos.	ii) iv)	2 s	CMCCT CCL CAA CSC CD

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	<p>correlación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.</li> </ul>		6	MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, recorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	20%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula, con calculadora e coa folla de cálculo, os parámetros de centralización.</li> <li>- Calcula os parámetros de posición a partir dun conxunto de datos.</li> </ul> <p>Extrae conclusións sobre a poboación a partir dos parámetros calculados valorando a súa representatividade.</p>	i) ii) iv)	3 s	CMCCT CCL CAA CSC CD
			6	MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas	20%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula, con calculadora e coa folla de cálculo, os parámetros de dispersión.</li> <li>- Calcula os parámetros de posición a partir dun conxunto de datos.</li> </ul> <p>-Extrae conclusións sobre a poboación a partir dos parámetros calculados valorando a súa representatividade</p>	i) iii) iv)	3 s	CMCCT CCL CAA CSC CD
▪ b ▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</li> <li>▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace.</li> <li>▪ B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.</li> </ul>	7	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	30%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula con soltura probabilidades elementais de sucesos producidos con instrumentos aleatorios regulares: dados, ruletas, moedas, bolas ...</li> <li>- Coñece e utiliza a Regra de Laplace.</li> </ul> <p>Constrúe táboas ou diagramas de árbore para calcular probabilidades.</p>		4 s	CMCCT CCL CAA CSC

O	Contidos	Critérios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	Diagrama en árbore.		7	MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	25%	Identifica os experimentos compostos e calcula probabilidades utilizando, cando sexa necesario, diagramas de árbore ou táboas de continxencia.		3	CMCCT CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.</li> <li>▪ B5.8. Gráficas estadísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias.</li> <li>▪ B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.</li> <li>▪ B5.10. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</li> <li>▪ B5.11. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.</li> <li>▪ B5.12. Aplicacións informáticas que faciliten o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estadísticos, así como os parámetros estadísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas..</li> </ul>	6,7	MACB5.4.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estadísticos.	15%	Coñece as fases dun estudo estatístico e analiza criticamente o nivel de confianza e as conclusións que se obteñen do estudo.	i) iv)	1	CMCCT CCL CAA CSC
			6,7	MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións.	10%	É capaz de construír táboas e gráficos estadísticos, elixindo os máis axeitados en función do tipo de datos, utilizando a folla de cálculo cando sexa preciso..	i) iii) iv)	1	CMCCT CCL CAA CSC
			6	MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estadísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e ou computador).	10%	Dado un conxunto de datos , calcula e interpreta os parámetros de centralización, dispersión e posición utilizando a calculadora e/ou folla de cálculo cando sexa necesario.	i) iii) iv)	1	CMCCT CAA CSC CSIEE CD
			7	MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas.	10%	É capaz de seleccionar e analizar criticamente a representatividade dunha mostra.	i) iv)	1	CMCCT CAA CSC CSIEE

O	Contidos	Criterios de avaliación	U	Estándares de aprendizaxe	Peso	Grao mínimo de consecución	I V	T.	Comp.
	tratamento de datos estadísticos.		7	MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables.	10%	Representa nubes de puntos e interpreta a correlación entre dúas variables.	ii) iv)	1 s	CMCCT CCL CAA CSC CD

A temporalización por estándar avaliable que figura na táboa adxunta poderá sufrir modificacións en función do devir do curso, sempre e cando se manteña a temporalización por bloques que figura a continuación

BLOQUE	TEMPORALIZACIÓN(sesiós)
1.- PROCESOS,MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	Ao longo do curso
2.- NÚMEROS E ÁLXEBA	68
3.-XEOMETRÍA	25
4.-FUNCÍONS	24
5.-ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	23
	TOTAL: 140

# **METODOLOXÍA**

## **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**

A metodoloxía empregada enmárcase dentro dunha concepción construtivista da aprendizaxe e será basicamente colaborativa, intentando atender á diversidade da aula. Unha concepción construtivista da aprendizaxe supón implicar o individuo para que aporte as súas estruturas previas á situación de aprendizaxe e ir construíndo o novo significado a partir delas.

Esta metodoloxía levarase a cabo da seguinte forma:

- Exposición por parte do profesorado, presentando os contidos dunha forma atractiva e útil para estimular e activar os alumnos. A finalidade non debe ser que todo resulte tan claro que o alumno se quede en mero receptor pasivo das matemáticas.
- Debate. O debate resulta enriquecedor das ideas. Este debate pode ter lugar entre alumnado e profesora ou entre o alumnado sen participación activa da profesora. Optamos así por unha metodoloxía na que construímos entre todos os novos coñecementos.
- Traballo práctico apropiado. Sen unha suficiente experiencia práctica, os/as alumnos/as son incapaces de comprender e relacionar os conceptos matemáticos abstractos. Pretendemos así que o alumnado tome parte activa, tanto intelectual como manipulativamente, á hora de dar resposta ás tarefas propostas e realizar os diferentes tipos de actividades.
- Realización de exercicios, afianzando así algoritmos e destrezas ao ter que identificar e aplicar de forma inmediata unha técnica concreta. Aínda recoñecendo o valor da repetición na adquisición das diferentes destrezas, para unha adecuada consolidación das mesmas, é mellor unha curta pero frecuente práctica cando xorden as dificultades na clase. Ademais, tendo en conta a diferente bagaxe matemática do alumnado desta materia, e polo tanto para un mellor tratamento da diversidade, faranse actividades relacionadas coas diferentes áreas das ciencias, das ciencias sociais e das humanidades.
- Resolución de problemas. Considerando como problema aquela situación que require deliberación, xa que os que a afrontan non coñecen o algoritmo para resolvela. Así, aínda que o alumnado entende globalmente o seu propósito e termos, non sabe inicialmente como abordalo. A reflexión que se leva a cabo axuda a establecer relacións entre conceptos, entre conceptos e procedementos e a valorar diferentes estratexias para acabar optando pola máis idónea.
- Traballos de investigación. Complementariamente coa resolución de problemas, unha formulación investigadora anima ao alumnado a pensar en estratexias alternativas obtendo unha serie de problemas a identificar e resolver. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento, facer uso do compendio de novos coñecementos adquiridos e

mostrar a funcionabilidade destes en problemáticas sinxelas que se poden presentar na nosa vida diaria, na ciencia o na técnica. Desta forma intentar fomentar aspectos de investigación e descubrimento para lograr que os alumnos sexan activos, participativos e cooperativos pero tamén autónomos e críticos.

- Traballos en grupos. Complementando o debate é interesante que o alumnado aprenda a confrontar as súas propias ideas coas das compañeiras e compañeiros e ser capaces de dar solucións conxuntas a problemas de maior dificultade que os que realizan individualmente. Así se afarán a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, a escoitar, a compartir as tarefas, a tolerar, a respectar os demais,... Neste curso o traballo en grupo será organizado de xeito que se minimize o contacto entre os membros do mesmo (empregando no posible medios tecnolóxicos) e tendo en conta sempre as limitacións impostas pola normativa vixente.

- Diversidade nos recursos, será moi importante nesta tarefa contar e maximizar a rendibilidade e a variedade de recursos dos que se dispoña. Dada a importancia social que hoxe en día teñen as tecnoloxías da información e a comunicación, estas xogarán un papel moi importante á hora buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Dotaremos así aos alumnos de instrumentos intelectuais que lles permitirán interpretar, representar, analizar, explicar, criticar, descubrir e predicir determinados aspectos da realidade.

## **RECURSOS E MATERIAIS**

Os materiais e recursos a utilizar podémolos clasificar en catro grandes grupos:

### Material escrito

Libros dixitais do proxecto Edixgal.

Fotocopias de follas de actividades, exercicios e problemas.

Textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos,... e recortes destes.

### Material manipulable (sempre tendo en conta as limitacións fixadas polo Protocolo Covid)

Dominós e cartas.

Material de debuxo: regra, escuadra e compás.

Cintas métricas.

Polígonos plásticos, figuras e corpos xeométricos.

Material de probabilidade: dados, fichas,...

## Medios audiovisuais

Vídeos educativos: Colección “El universo matemático”, Serie “Más por menos”...

Presentacións.

Películas sobre temáticas relacionados coas matemáticas.

## Novas Tecnoloxías

Aula virtual do centro

Calculadoras científicas

Software matemático: Descartes, Geogebra, Epidat

Follas de cálculo: Calc, Excel

Páxinas web (indícanse algúns exemplos no apartado de “CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC”)

## **ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO**

Dada a incerteza da situación sociosanitaria que estamos a vivir, todas as pautas e actuacións recollidas neste apartado serán susceptibles de modificación ou adaptación á nova normativa que en calquera momento pode ser publicada pola administración educativa.

Entendendo que o ensino presencial é a situación ideal, a programación deste curso debe ter moi presentes as circunstancias vividas a partir do 13 de marzo de 2019, nas que foi necesario adoptar medidas para o ensino telemático. A pesar de que a docencia no curso pasado xa foi totalmente presencial, as circunstancias obrigan a ter en conta esta posibilidade á hora de planificar o curso que agora comeza.

Neste sentido terá moito protagonismo o emprego da plataforma do proxecto Edixgal, coa que será necesario que tanto o profesorado como o alumnado estean suficientemente familiarizados, por se un confinamento a converte na única plataforma de ensino dispoñible.

O profesorado creará cursos para cada unha das materias do departamento, que estarán dispoñibles (en todo ou en parte) desde o comezo do curso escolar. No mesmo mes de setembro realizarase a matriculación do alumnado correspondente nestes cursos e formarase ao mesmo na realización de tarefas básicas como consulta de recursos e ficheiros na aula virtual de Edixgal, realización de tarefas online, entrega de traballos a través da aula, manexo das canles de comunicación da mesma, etc. Ao longo do curso, independentemente de que a docencia sexa presencial, traballarase frecuentemente a través da aula virtual, buscando que a competencia do

alumnado no uso desta ferramenta mellor e sexa a axeitada para poder seguir o curso son caso de confinamento.

Para o caso de confinamentos parciais ou totais, procederase atendendo ás pautas seguintes:

- A teoría e as explicacións serán subidas á aula virtual en forma de vídeos ou presentacións breves, intentando reducir contidos complexos en varios capítulos. Resulta importante centrar a atención do alumnado nos contidos imprescindibles ou máis importantes de cada unidade.

- Empregaranse as canles de comunicación corporativas (aula virtual, Webex) para a posta en común de dúbidas sobre as presentacións, afondamento e reforzo nos aspectos fundamentais dos contidos e explicación das actividades a realizar. As sesións de videoconferencia empregaranse principalmente para a interacción entre o alumnado e o docente, evitando as clases expositivas por este medio.

- As actividades serán propostas, entregadas e avaliadas a través da aula virtual, ben mediante ferramentas integradas na mesma (cuestionarios, actividades de relacionar, etc.) ou mediante o intercambio de ficheiros de texto (boletíns de exercicios ou problemas).

## **AVALIACIÓN**

### **DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL**

Á hora de planificar as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que recabar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

#### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ó desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideran identificar; convén pensar nesta fase en cómo se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ós aspectos competenciais.
- Os desempeños competencias prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.



- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Esta información obtérase mediante a observación do grupo durante os primeiros días de clase.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos estudantes:

### ***Necesidades individuais***

- Identificar ós alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se vaian a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos dos estudantes.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co/a titor/a.

Esta outra información obtérase mediante unha proba escrita para coñecer o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe do curso anterior, e tamén da observación directa de cada individuo na aula e dos traballos individuais realizados durante ese período. Tal e como se comentou no apartado anterior, empregarase a aula virtual como ferramenta para a implementación desta proba ou dunha parte da mesma.

## PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación constitúe unha parte fundamental do proceso de instrución e formación do alumnado permitindo regular de forma permanente o proceso de ensinanza-aprendizaxe e contribuíndo dese xeito á mellora do rendemento. Para acadar este obxectivo, a avaliación será continua e prestará atención á evolución do proceso global do desenvolvemento e aprendizaxe do/a alumno/a. A avaliación constatará o grao en que cada un dos/as alumnos/as acadou as aprendizaxes previstas nesta programación, tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos. A avaliación proporcionará información sobre as causas e as razóns da evolución na aprendizaxe de cada un dos/as alumnos/as e permitirá establecer as axudas máis adecuadas para asegurar o seu progreso. A avaliación é un medio para mellorar a ensinanza, atende ós distintos tipos de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais utilizando instrumentos variados, contempla a diversidade do alumnado, establecendo os retos e o tipo de axuda que cada un necesita para superalos, busca a motivación do alumnado para que siga esforzándose, xa que valora as súas realizacións tendo en conta as súas capacidades.

Os alumnos realizarán como mínimo dúas probas escritas por avaliación. Ademais poderanse realizar probas escritas complementarias para os alumnos con cualificación negativa en algunha das anteriores probas.

As probas e exames non serán o único instrumento que servirán ao proceso avaliador, consideraranse ademais como instrumentos de avaliación entre outros os seguintes:

PROCEDIMENTOS	INSTRUMENTOS	
Observación sistemática	i)	Asistencia, comportamento e actitude: Valoraranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"><li>• Grao de interese das preguntas que formula ou as dúbidas que formula</li><li>• A forma de traballar na clase, cando o fai só ou en grupo</li><li>• Interese que demostra nas distintas actividade orais ou escritas propostas na clase e na casa</li><li>• A atención que presta cando estamos corrixindo ou explicando algo novo</li><li>• Participación en actividades voluntarias</li><li>• A educación no seu comportamento e a súa forma de dirixirse aos</li></ul>

		demais
Análise das producións dos alumnos	ii)	<p>Actividades escritas : Valoraranse todas aquelas actividades realizadas en papel ou soporte informático que traballe o alumno/a na clase e na casa. Poden ser individuais ou grupais, así coma obrigatorias ou voluntarias</p> <p>Revisión do caderno de clase: Con especial atención á realización das tarefas e a corrección dos erros na clase, valorando igualmente a orde e a correcta presentación</p> <p>Plan lector: inclúe actividades de busca de información. Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acerto nas respostas</li> <li>• Exposición oral dos argumentos seguidos para desenvolver a resposta</li> <li>• Fluidez e seguridade no discurso oral</li> <li>• Realización de actividades de lectura comprensiva</li> <li>• Cuestionario sobre o libro de lectura proposto</li> </ul>
Intercambios orais cos alumnos	iii)	<p>Diálogo.</p> <p>Entrevista.</p> <p>Xustificacións das faltas de asistencia</p> <p>Exposición de traballo de avaliación, individuais ou en grupo</p>
Probas específicas	iv)	<p>Probas escritas: Realizaranse un mínimo de dúas por avaliación e a correspondente recuperación</p> <p>Valorarase a orde e claridade na presentación</p>

Na avaliación consideraremos dúas fases. Na primeira fase de avaliación avaliaranse:

- Adquisición de coñecementos.
- Evolución de coñecementos.
- Proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Intervencións na clase.
- Interese pola materia..
- Traballo persoal diario.

A técnica que se empregará para este tipo de avaliación será a observación sistemática. Nesta fase cobrarán especial importancia as actividades diarias realizadas na aula, ben sexan orais ou escritas, individuais ou de grupo, xa que permitirán a análise e a valoración das producións do alumnado. Estas actividades diarias repercutirán sobre a nota final do alumnado nunha porcentaxe de aproximadamente o 20%.

Na segunda fase da avaliación comprobarase o grao de consecución dos obxectivos fixados

para o período de tempo do que se trate en función das aprendizaxes realizadas e tendo en conta os criterios de avaliación establecidos. Nesta fase avaliaranse:

- Tódolos aspectos anteriores.
- Realización de actividades específicas (Probas escritas, traballos obrigatorios).
- Adquisición das capacidades que se pretenden desenvolver na etapa.

Ao longo de cada avaliación o profesorado poderá propoñer traballos voluntarios cos que o alumnado poderá aumentar a súa cualificación final, pero nunca diminuíla.

## CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

Como xa se comentou no principio desta programación as probas obxectivas non serán o único instrumento de avaliación. Sinálase tamén a porcentaxe que se lle fará corresponder, de xeito xenérico, ás múltiples actividades que complementan os exames ou probas obxectivas. Recalcamos e concretamos estes aspectos:

### 1.- Os criterios de cualificación por avaliación en relación cos instrumentos de avaliación son:

ETAPA	CURSOS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ( PORCENTAXES)					
		PROBAS ESCRITAS	COMPORTAMENTO, ASISTENCIAE ACTITITUDE	TRABALLO CLASE/ CASA	ACTIVIDADES ESCRITAS	CADERNO	PLAN LECTOR
ESO	1º, 2º	70	5	5	10	5	5
ESO	3º, 4º	70	5	5	10	5	5

2.- A cualificación na convocatoria ordinaria establécese do seguinte modo:

A media ponderada das cualificacións obtidas polo alumno/a en cada un dos bloques nos que está dividida a materia,segundo a táboa anterior e atendendo aos seguintes pesos:

BLOQUES	ESO	
	1º ; 2º	3º; 4º

<b>NÚMEROS E ÁLXEBA</b>	<b>55%</b>	<b>40%</b>
<b>XEOMETRÍA</b>	<b>15%</b>	<b>20%</b>
<b>FUNCIÓNS</b>	<b>15%</b>	<b>20%</b>
<b>ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE</b>	<b>15%</b>	<b>20%</b>

➤ **Esta media solo se calculará cando o alumno/a teña acadada una cualificación mínima de 3 puntos en cada bloque**

No caso de que o alumno/a non alcance una cualificación mínima de 5 puntos ou non cumpra o requisito anterior realizará una proba de recuperación dos bloques correspondentes.

**NOTA: se un alumno/a durante a realización de calquera proba escrita non cumprira coas normas de conduta propias dun exame, éste será cualificado cun cero**

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Nos casos excepcionais nos cales o alumno aprobe os dous primeiros trimestres do curso que estea cursando, estará exento de realizar a proba escrita e a súa valoración será a media aritmética das cualificacións dos dous trimestres aprobados. Con isto pretendemos motivar a alumnos/as que as veces mostran un gran desinterese pola materia do curso actual, debido a que a teñen pendente de anos anteriores. Inténtase conseguir así que o alumno/a se volva a integrar na dinámica de traballo do grupo. Ademais, nos primeiros trimestres de cada curso trabállanse a maioría dos temas do curso anterior.

A cualificación do alumnado con matemáticas pendente de cursos anteriores ao que cursa seguirá os seguintes criterios:

- Alumnado cos dous primeiros trimestres aprobados: será a media aritmética das cualificacións dos dous primeiros trimestres.
- En caso contrario, o profesor/a que corresponda propondrá un plan de recuperación acorde ás características de cada alumno/a. Este plan combinará a entrega de actividades resoltas coa superación de probas escritas.

## **MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR:**

As melloras da programación relacionadas co recollido na memoria do curso 2020-21 céntranse en dous aspectos: as actuacións encamiñadas a abordar os contidos curriculares non traballados no curso anterior e, por outra banda, as encamiñadas á mellora dos recursos para o ensino non presencial.

En relación ao primeiro aspecto, o tratamento dos contidos non traballados en todo ou en parte no curso anterior, debemos ter en conta que o deseño do currículo das materias de Matemáticas facilita o repaso de contidos previos en cada unha das unidades do presente curso. Por este motivo decidimos que resulta máis axeitado o repaso ao longo do curso, en función das necesidades de coñecementos previos, que dedicar un tempo específico ao comezo do curso a estes contidos. O profesorado deberá ter en conta estas circunstancias e explicar e traballar contidos do curso anterior sempre que o considere necesario. En caso de detectar necesidades individuais, se traballará con material específico co alumno ou alumnos afectados.

Respecto da mellora dos recursos para o ensino telemático, será unha prioridade desde os primeiros días do curso, tal e como se recolle no apartado anterior desde mesmo documento. Neste sentido será unha importante axuda a incorporación de todas as materias ao proxecto Edixgal.

## **CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO:**

### **PROXECTO LECTOR**

A LOE incide na necesidade de desenvolver a competencia lectora en todas as áreas do coñecemento, para o que establece a elaboración anual do Plan Lector de centro, documento que fixa as liñas xerais de actuación que deben rexer o traballo nas diferentes materias de cara á consecución deste obxectivo. Resulta evidente que, tradicionalmente, este traballo era un campo case exclusivo dalgunhas materias, entre as que non se atopan as matemáticas, pero dende hai algúns cursos contamos con materiais axeitados

para fomentar a lectura nas nosas clases.

As principais actividades a realizar a este respecto nas clases de matemáticas serán as seguintes:

- Proposta de lecturas voluntarias axeitadas para os diferentes niveis do alumnado. O profesorado seleccionará unha lista de varios libros para cada curso e dende o departamento farase un esforzo en colaboración coa biblioteca escolar para dotar á mesma dunha cantidade suficiente das obras máis demandadas.
- Lectura e análise de novas publicadas en prensa que teñan algunha relación coas matemáticas.
- Lectura comentada na aula de textos curtos seleccionados polo profesorado, que serán empregados como complemento ou introdución ao estudo dalgúns contidos matemáticos.
- Lecturas ou actividades de investigación relacionadas coa biografía de matemáticos célebres ou ben coa evolución dalgún concepto ao longo da historia.

## **PLAN TICS**

As ferramentas tecnolóxicas, en particular o uso de calculadoras e aplicacións informáticas como sistemas de álgebra computacional ou de xeometría dinámica, poden servir de axuda tanto para a mellor comprensión de conceptos e a resolución de problemas complexos como para o procesamento de cálculos pesados, sen deixar de traballar a fluidez e a precisión no cálculo manual simple, onde os estudantes cometen frecuentes erros que os poden levar a falsos resultados ou inducir a confusión nas súas conclusións.

Empregar os recursos aportados polas tecnoloxías actuais para obter e procesar información, facilitar a comprensión de fenómenos dinámicos, aforrar tempo nos cálculos e servir como ferramenta na resolución de problema

### Materiais Didácticos

- Calculadora científica.
- A folla de cálculo EXCEL permite elaborar táboas de datos estatísticos e, a partir delas, a representación gráfica das variables estatísticas correspondentes.
- O programa informático GEOGEBRA combina dinamicamente, xeometría, álgebra, análise e estatística nun único encadre versátil sinxelo a nivel operativo pero moi potente.



Ademais dos programas citados hai multitude de páxinas en Internet que desenvolven temas de matemáticas.

Como xa se indicou no apartado de materiais curriculares, o uso a través da INTERNET de: software matemático, Enciclopedias web, Portais matemáticos,..., poñerá ao noso alumnado en contacto coas novas tecnoloxías.

Recomendaranse tamén páxinas web nas que o alumnado poderá investigar pola súa conta temas de interese. Entre elas podemos citar:

<http://w3.cnice.mec.es/> (páxina do ministerio de Educación e Ciencia con multitude de recursos, proxectos educativos,...)

<http://platea.pntic.mec.es/aperez4/>, (páxina de Antonio Pérez Sáez, creador e presentador de “Universo Matemático”)

<http://www.matematicas.net>, (“El Paraíso de las Matemáticas” con apuntes, exercicios,...)

<http://jmora7.com>, (Xeometría dinámica con axuda de programas como Geogebra)

<http://recursos.pnte.cfnavarra.es/~msadaall/geogebra/>, (Máis Xeometría con Geogebra)

<http://www.hojamat.es/>, (con suxestións e exemplos de uso da folla de cálculo Excel e OpenOffice nas matemáticas)

<http://web.educastur.princast.es/ies/pravia/carpetas/profes/departam/mates/index.htm>, (con xogos, notas históricas, relacións entre as matemáticas e arte, música,...)

<http://www.ematematicas.net/>, (exercicios interactivos clasificados por cursos e temas).

<http://clic.xtec.net/>, (actividades con Clic).

<http://www.recursosmatematicos.com/redemat.html>, (páxina con direccións web de interese matemático).

<http://www.kokone.com.mx/tareas/figuras/home.html>, (con desenvolvementos xeométricos para construír figuras tridimensionais).

<http://www.juegosdelogica.com/>, (entretidos pasatempos con contido matemático).

Neste curso, ao igual que nos pasados, agardamos contar cunha axeitada

dispoñibilidade do material informático do centro. Esperamos que tódolos grupos de matemáticas contén, como mínimo, con unha hora semanal na aula de informática. Deste xeito poderanse desenvolver con comodidade os contidos da programación que fan referencia ao uso de programas informáticos.

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Ao longo do presente curso a realización de actividades extraescolares estará condicionada polas normas relacionadas coa situación sanitaria. En calquera caso entendemos que é preciso incluílas neste documento, en previsión de que as circunstancias permitan a realización de todas ou dalgunhas delas, pois moitas están programadas para o 2º e 3º trimestres.

As actividades programadas para este curso son:

- Olimpíada Matemática para 2º E.S.O.
- Matemáticas na Raia (3º ESO)
- Imatxina (1º ESO)
- Paseo Matemático por Santiago (3º E 4º ESO).
- Exposicións relacionadas coas matemáticas
- Concurso de enxeño e entretemento matemático
- Charlas e exposicións a cargo de persoas vinculadas ás matemáticas.
- Desenvolver ao longo do curso actividades que teñan coma referencia os xogos de lóxica e estratexia.
- Desenvolver un concurso de resolución de problemas con contido matemático ao longo de todo o curso.

Se durante o curso xorde algunha actividade programada por algún estamento e que poida ter moito interese para o departamento, procurárase levar os alumnos, sempre que isto non interfira co desenvolvemento do mesmo.

Sempre que as actividades se poidan facer fóra do horario lectivo, intentarase que así sexa.

## **PLAN CONVIVENCIA**

Nas clases das materias de Matemáticas traballaranse valores e aspectos fundamentais da convivencia como a inclusión, a non discriminación por cuestións de raza, xénero, relixión ou condición social, a tolerancia e, como norma xeral, o respecto aos compañeiros e compañeiras.

Farase ademais especial énfase na posta en valor das aportacións realizadas polas mulleres nos diferentes campos da Matemática, aspecto que se reforzará coa realización de traballos voluntarios e presentacións por parte dos docentes.

## **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Segundo se contempla na normativa vixente, as clases de Matemáticas serán impartidas en castelán, sen prexuízo de que calquera alumno ou alumna poida empregar o galego para as súas producións orais ou escritas.

## **ANEXO I**

Segundo o disposto na Orde do 2 de marzo de 2021, o período de tempo que transcorre entre a 3ª avaliación (7 de xuño) e o remate das clases (22 de xuño) dedicarase ao traballo de recuperación co alumnado que teña obxectivos pendentes de acadar, mentres que o alumnado que teña superados todos os bloques, segundo se recolle nesta programación, realizará un proxecto de ampliación e aplicación dos contidos traballados. Este proxecto poderá ser tido en conta para mellorar a cualificación do alumnado na convocatoria ordinaria de xuño.